

BASES ESPECÍFICAS DE ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS.

1.- Persoas destinatarias.

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas empadroadas no Concello de Porto do Son.

2.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes de participación nesta acción formativa, segundo o modelo que se anexa, dirixiranse ao Alcalde - Presidente do Concello de Porto do Son e presentaranse no rexistro do Concello de Porto do Son (Rúa da Atalaia Nº 7 Porto do Son).

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 28 de febreiro de 2018 e rematará día 6 de marzo de 2018 ás 14.00h.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

3.- Documentación.

Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas deberán presentar:

- Fotocopia do DNI ou NIE.
- Volante de empadramento no Concello de Porto do Son.

4.- Selección de participantes.

A selección de participantes farase polo sistema de sorteo público, segundo o establecido nas bases xerais de participación nas accións promovidas polo Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son, aprobadas o 27 de febreiro de 2018.

6.- Número de prazas.

Esta acción formativa conta cun total de 15 prazas.

7.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso vaise celebrar o venres día 9 de marzo de 2018, en horario de 16.30h a 20.00h, nas instalacións do Viveiro de Empresas do Concello de Porto do Son.

8.- Contidos do curso.

Entre outras, no curso abordaranse as seguintes cuestións:

- Os alimentos; seguridade e hixiene alimentaria.
- Obrigacións e prohibicións na manipulación de alimentos.
- Alteración e contaminación de alimentos.
- Enfermidades transmitidas por alimentos.
- Conservación de alimentos.
- Boas prácticas de hixiene e fabricación.
- Etc.

9.- Condicións de superación do curso.

A obtención do carné de manipulador/a de alimentos require a asistencia a toda a xornada do curso. Os participantes seleccionados deberán presentar o día do curso unha fotografía tamaño carné para poder expedir a correspondente certificación de superación do mesmo.

Porto do Son, 27 de febreiro de 2018.